



PLAN DE CONVIVENCIA



C.P.R. MonteGrande



ÍNDICE

	Páxinas
1. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE DA SITUACIÓN	3-5
2. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	5
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	6-7
4. ACTITUDES QUE PRETENDE FAVORECER O PLAN DE CONVIVENCIA	7
5. PROTOCOLO XERAL DE ACOSO ESCOLAR Y CIBERACOSO	7-14
5.1. ACOSO ESCOLAR	7-12
5.2. CIBERACOSO	12-14
6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN E PROCEDEMENTOS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	14-15
7. NORMAS DE CONVIVENCIA	15-37
7.1. DEREITOS E OBRIGAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	15-18
7.2. DEREITOS E OBRIGAS DA ENTIDADE TITULAR	18-19
7.3. DEREITOS E OBRIGAS DO ALUMNADO	19-28
7.4. DEREITOS E OBRIGAS DOS DOCENTES	28-32
7.5. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO	32-36
7.6. DEREITOS E OBRIGAS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN	36
7.7. DEREITOS E OBRIGAS DOUTROS MEMBROS COLABORADORES	36
8. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO	37-42
8.1. PARA EDUCACIÓN INFANTIL	37-38
8.2. PARA EDUCACIÓN PRIMARIA	38-40
8.3. PARA ESO E BACHARELATO	41-42
9. CONDUTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA E PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN	42-48
10. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA	48-49
11. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA	49-50
12. ESPAZOS E RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	51
13. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	51
ANEXO 1	52



1. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE DA SITUACIÓN

O C.P.R. MonteGrande é un centro de ensino concertado que depende da *Consellería de Educación da Xunta de Galicia*, sito na Coruña, na Avenida de Nova York, nº 178.

A nosa oferta educativa abarca Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato. O alumnado que se incorpora á ESO procede fundamentalmente dos concellos da Coruña e Arteixo. Como centro adscrito temos o I.E.S. Elviña.

Na actualidade, o clima de convivencia no centro pode considerarse positivo. Non se observan serios problemas, aparecendo, de cando en vez, principalmente nos primeiros cursos da ESO, algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor (amoestacións, quedar sen recreo, realizar actividades algunhas tardes, asistencia á Aula de Convivencia...). Nalgún caso, é preciso tomar algunha medida máis severa, como a privación temporal de asistencia ao centro, se ben estes casos acostuman ser puntuais. Un dos aspectos que entrañan máis dificultade e no que, xa que logo, cómpre incidir, é a consecución dun maior grao de puntualidade, tanto na hora de chegada ao centro, coma na entrada nas aulas.

Esta baixa conflitividade adoita ir desaparecendo no último curso da ESO e no Bacharelato, aínda que esporadicamente poden aparecer nalgún dos citados cursos condutas contrarias ás normas de convivencia (excesivas faltas a clase, atrasos frecuentes, facer caso omiso ás indicacións dos docentes, comportamentos infantís) provocadas pola inmaduridade dunha pequena parte do alumando das citadas etapas...

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- ✓ Levantarse sen permiso.
- ✓ Falar a destempo cos compañeiros interrompendo o normal desenvolvemento das clases.
- ✓ Distracción e falta de atención.
- ✓ Esquecemento dos materiais precisos para o desenvolvemento na aula.
- ✓ Uso do teléfono móbil.
- ✓ Non conservar debidamente o material propio e do centro.
- ✓ Non tratar debidamente as instalacións do centro (interiores e exteriores).
- ✓ Faltas inxustificadas de asistencia e puntualidade á clase.
- ✓ Desconsideración cos compañeiros e co persoal do centro.
- ✓ Estar en espazos non autorizados.
- ✓ Fumar dentro do Centro.



- ✓ Incumprimento de medidas correctoras impostas.
- ✓ Comportamento inadecuado nalgunha actividade extraescolar ou complementaria.
- ✓ Desencontros menores.
- ✓ Non manter unha educación correcta no centro.
- ✓ Manifesto desinterese no traballo e estudo.
- ✓ Falta de uso da axenda.
- ✓ Saír da aula a saltos e carreiras.
- ✓ Xogar co balón na aula.
- ✓ Permanecer na aula ou nos corredores durante os recreos sen permiso.

A resposta educativa do equipo directivo e os docentes no centro é a de promover a actitude de participación do alumnado, as canles de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades para afrontaren os conflitos.

Aínda que os problemas de convivencia son escasos, si é certo que a obrigatoriedade da etapa educativa da ESO comporta, xunto con outros aspectos coma a diversidade do alumnado, a presenza nas aulas de alumnado que non encaixa coa dinámica das actividades educativas propostas, xerando, en ocasións, unha certa conflictividade.

Cómpre sinalar a especial relevancia da actuación dos docentes titor na solución de conflitos.

Así mesmo, temos que mencionar que a intervención das/os titora/es legais no proceso educativo é positiva na maioría dos casos. Aínda así, cremos que se poden ampliar os espazos de actuación coas familias e en especial coa ANMPA. Con carácter estrutural, realízanse, non centro, algunhas actividades que contribúen a propiciar un bo clima de convivencia no centro:

- ✓ As primeiras sesións de tutoría e na reunión coas/os titoras/es legais, que ten lugar ao inicio do curso escolar, para informar acerca da normativa do centro e a convivencia nas aulas.
- ✓ Foméntase a tolerancia, a aceptación da diversidade e a resolución de conflitos de forma pacífica.
- ✓ Os distintos departamentos organizan actividades de carácter extraescolar: conferencias, viaxes, excursións, concursos...
- ✓ Lévanse a cabo actividades de carácter intercultural.



Entendemos que a formación sobre a convivencia e resolución de conflitos é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorábel no centro. É precisa unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflitividade, tanto para o alumnado coma para os docentes.

Cómpre tamén introducir a formación permanente dos docentes no complexo mundo das relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas, maltrato entre compañeiros, educación emocional...

2. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A xestión da convivencia no *C.P.R. MonteGrande* enmárcase dentro dun modelo integrado da mesma. Toda a comunidade educativa e, de forma especial, a **Comisión de Convivencia**, e a Dirección do Centro priorizarán a prevención de conflitos e a resolución pacífica das mesmas sobre a función punitiva máis tradicional. Entendemos que toda a comunidade escolar debe coñecer e asumir o modelo de xestión da convivencia elixido polo centro e deberá estar informada polos diferentes sectores implicados, de forma especial pola **Comisión de Convivencia**, das habilidades e recursos para actuar ante os diferentes tipos de conflitos.

O modelo de convivencia elixido no centro debe servir de preparación para:

- ✓ A vida social adulta.
- ✓ Asumir e practicar valores cívicos e democráticos.
- ✓ Formar para a paz, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os pobos. Interactuar, fomentar as boas relacións interpersoais e a autoestima, dende o diálogo, a escoita activa, a participación e a asunción de responsabilidades.
- ✓ Tomar decisións, pactar, fomentar a crítica construtiva e adquirir compromisos.

Co presente Plan de Convivencia pretendemos elaborar un documento que sirva para dar resposta ás inquietudes amosadas pola comunidade educativa, que sexa coñecido por todos os membros e que nos permita tomalo coma referencia para respectar as normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas coma propias por toda/os nas aulas, no centro, nas actividades complementarias e extraescolares e en calquera outra actividade relacionada coa vida escolar na que representemos ao noso centro.

Como calquera outro plan, este é susceptíbel de mellora e daquelas correccións que a comunidade educativa considere oportunas.



3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- ✓ Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso dos docentes, do alumnado e de toda a comunidade educativa.
- ✓ Fomentar valores educativos, sociais e culturais que determinen un profundo interese pola mellora da convivencia e a cultura da paz.
- ✓ Potenciar a consideración do centro educativo como un espazo onde debe xestionarse a convivencia.
- ✓ Fomentar a participación e implicación dos axentes da comunidade educativa nas iniciativas para a mellora da convivencia, xerando espazos de coordinación e colaboración entre profesionais das distintas redes que actúan nun mesmo centro.
- ✓ Mellorar o clima de convivencia entre os integrantes da comunidade. Adquirir habilidades sociais, comunicativas..., para a resolución de conflitos dun xeito pacífico.
- ✓ Fomentar o diálogo como capacidade de interacción.
- ✓ Proporcionar aos docentes recursos e estratexias para xestionar os conflitos de forma democrática.
- ✓ Facilitar o intercambio e a difusión de materiais e experiencias de convivencia.
- ✓ Favorecer na aula (en particular) e no centro (en xeral), un clima de respecto, participación e comunicación eficaz, superando o clima de tensión que puidese haber, creando máis amplas e mellores relacións de interdependencia entre iguais. Sería satisfactorio que os docentes e o centro foran quen de tecer unha especie de rede de apoios e colaboracións coas/os propias/os compañeiras/os, co alumnado e as súas familias, con outros centros escolares e con outras institucións ou servizos sociais que tamén inciden na resposta ás necesidades do alumnado.
- ✓ Fomentar o desenvolvemento das relacións sociais e afectivas non violentas; ensinando a rexeitar calquera manifestación violenta e discriminatoria e establecendo sistemas de resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Ensinar sen exclusión, é dicir, tender a unha educación inclusiva, tendo en conta as necesidades de todo o alumnado, independentemente das súas condicións físicas, intelectuais, sociais, emocionais, lingüísticas ou outras. Hai que respectar as diferenzas, ben sexa por razón de xénero, procedencia, etnia, capacidade ou cultura. Ensinar en valores para aprender a convivir de xeito responsábel e favorecer o traballo cooperativo e colaborativo entre o alumnado. Para lograr isto, os docentes amosarán unha consideración positiva cara todo o alumnado, comportándose nas súas aulas de tal xeito que sexan coherentes e xustos e creen confianza.



- ✓ Colaborar con outros centros e cos servizos sociais dos concellos para dar resposta a todos os problemas que poidan afectar á convivencia no centro.
- ✓ Elaborar, entre todos, un conxunto de normas de convivencia que estableza as consecuencias derivadas do seu incumprimento, respondendo a un modelo de xustiza restitutoria.

4. ACTITUDES QUE PRETENDE FAVORECER O PLAN DE CONVIVENCIA

- ✓ Asimilación, por parte de todos os membros da comunidade educativa, de que a convivencia é tarefa de todas/os.
- ✓ Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, raza, nacionalidade, ideoloxía, etc. E rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- ✓ Respecto e cumprimento das normas de convivencia do centro e coidado no uso das dependencias e materiais.
- ✓ Toma de conciencia de que somos suxeitos de dereitos e deberes e de que existen límites que hai que respectar.
- ✓ Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais e valoración do diálogo como instrumento de resolución dos mesmos.
- ✓ Ruptura da conspiración do silencio cómplice que acostuma a se establecer en torno ás agresións e condutas destrutivas, aprendendo a denunciar as situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
- ✓ Actitude crítica ante os usos verbais e non verbais orientados á persuasión ideolóxica e ante a utilización de contidos e formas que supoñen unha discriminación social, racial, sexual, etc.
- ✓ Mellora do autocontrol, autovaloración e autosuperación.

5. PROTOCOLO XERAL DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

5.1. ACOSO ESCOLAR

É importante diferenciar o acoso escolar doutras actuacións destrutivas que por puntuais precisan outro tipo de tratamento, aínda que tamén unha resposta efectiva.

Criterios que axudan á identificación como tal o acoso escolar:

- ✓ Intención de facer dano.
- ✓ Repetición de condutas agresivas.



- ✓ Duración no tempo do establecemento dun esquema de poder entre a vítima e o agresor/a.

Para facermos unha adecuada identificación dun posíbel acoso escolar, é preciso definir a tipoloxía do acoso:

- ✓ Exclusión e marxinación social, tanto por non deixar participar ou por ignorar á vítima.
- ✓ Agresión verbal directa (insultos e/ou ofensas) coma por falar mal da vítima.
- ✓ Agresión física, tanto pegar como romper, roubar ou esconder pertenzas da vítima.
- ✓ Maltrato mixto coma ameazas físicas ou chantaxe.
- ✓ Acoso sexual tanto verbal como físico.

Son manifestacións de acoso: a marxinación, humillación, ridiculización, burlas, desprezo, rumores malintencionados contra a vítima, insultos, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, relaxación de defectos físicos, intimidación, simulacros de violencia, extorsión, furto, roubo e/ou dano das pertenzas da vítima, golpes, empurróns, patadas, lapotes, mensaxes ofensivas nas TICs, mensaxes ofensivas no móbil, uso indebido da súa imaxe...

Hai que recordar que hai lugares e momentos de maior risco de acoso coma: os recreos, o comedor, o intercambio de aulas, os servizos, o patio, o bus, a entrada e a saída do centro...

1.- Protocolo

Este protocolo ten por obxecto que todo o persoal do centro e, sobre todo os docentes, saiba como actuar nun posíbel caso de acoso, propiciando pautas para a detección e resolución do problema.

A Directiva do Centro dirixirá todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento do protocolo de acoso.

Unha vez detectada a situación de acoso, a intervención debe ser o máis rápida posíbel e efectiva, implicando a toda a Comunidade Educativa.

Todo o proceso é confidencial e é imprescindible a total discreción nas comunicacións.

2.- Primeira fase

Comunicación sobre unha posíbel situación de acoso escolar.

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento dun caso así, ten obriga de o denunciar a unha/s persoa/s responsábel/is.

A dirección pode establecer unhas medidas urxentes de protección á vítima:



- ✓ Vixilancia máis intensa das persoas implicadas.
- ✓ Vixilancia máis intensa naqueles lugares onde o acoso pódase producir máis facilmente.
- ✓ Medidas que impidan o contacto entre vítima e agresor/a.
- ✓ Petición de colaboración as familias do alumnado implicado.
- ✓ Asignación dunha persoa responsábel, de apoio á vítima (esta persoa será designada, pola dirección, entre o docentes do Colexio, procurando que esa persoa teña unha relación de confianza coa posíbel vítima).

Neste momento do proceso, a dirección (coa debida cautela, mais o máis rápido posíbel) informará ás familias dos implicados da situación, de xeito oral e por escrito.

A dirección nomea unha persoa responsábel da tramitación do protocolo mediante acta. Nesta reunión, a dirección informará á persoa responsábel dos feitos acaecidos, as persoas implicadas e da información recolleita até ese momento.

Informarase a esta persoa que é a elixida para incoar o posíbel expediente disciplinario, no caso de ser preciso, e que o prazo máximo para a súa resolución é de 12 días lectivos a partir do momento en que se ten coñecemento dos feitos.

3.- Segunda fase

No caso de incoarse o expediente disciplinario, todos os datos recolleitos deben formar parte del, tomando en consideración os prazos establecidos no artigo 25 da Lei 4/2011.

Recompilaranse como mínimo os seguintes datos:

- ✓ Datos de identificación do centro.
- ✓ Datos de identificación do alumnado afectado.
- ✓ Identificación da persoa encargada do expediente.
- ✓ Tipo, datos e gravidade do acoso denunciado.
- ✓ Lugar e data do posíbel acoso.
- ✓ Outros feitos observados.

Unha vez recompilada toda esta información procederase:

- ✓ Entrevista individual coa vítima para a informar do proceso e lle trasladar todo o apoio e protección que sexa preciso. No caso de que o alumnado sexa menor de idade, a entrevista realizarase en presenza dun adulto.
- ✓ Entrevista individual coa/s persoa/s responsábel/is do posíbel acoso. Informándoa/s da postura intransixente de tolerancia cero do centro ante estes casos. Cando o alumnado sexa menor de idade, a entrevista realizarase en presenza dun adulto.



- ✓ Entrevista individual co alumnado que, sen estar implicados directamente, si coñecen a situación, aínda que non participen nela. Cando o alumnado sexa menor de idade, a entrevista realizarase en presenza dun adulto.
- ✓ Entrevista individual coa familia tanto da vítima (para a tranquilizar), coma do/s posíbel/is acosador/es informándoos das posíbeis medidas que se poden adoptar e mostrándolles a postura de intolerancia do centro cara este tipo de condutas.
- ✓ Posíbel petición de axuda, apoio e asesoramento por parte do Departamento de Orientación do Colexio.
- ✓ Posíbel asesoramento doutras entidades externas e/ou profesionais especializados en acoso e/ou ciberacoso.

4.- Terceira fase

1) Análise da información

Unha vez recolleita toda a información, o instrutor do protocolo, informa á dirección de se a situación estudada é, ou non, un posíbel caso de acoso.

De se tratar dun posíbel caso de acoso, tomaranse as medidas pertinentes de acordo ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do Colexio e o regulado na Lei 4/2011 do 30 de xuño.

2) Adopción de medidas

Cando se trate dun caso de acoso escolar hai que tomar tres tipos de medidas:

- ✓ Medidas de protección á vítima.
- ✓ Medidas de corrección da persoa/s acosadora/s.
- ✓ Medidas de comunicación da situación aos organismos correspondentes. Unha vez iniciado o expediente disciplinario, hai que o comunicar á familia (de ser o alumando menor de idade), á Inspección Educativa e ao docente titor/a do alumnado implicado.

Con independencia da instrución, ou non, do expediente disciplinario, a persoa incoadora elaborará unha proposta de medidas que, tendo un carácter educativo, permitan ao alumnado tomar conciencia dos feitos, do seu cambio de actitude e da reparación no posíbel dano causado.

3) Con independencia das medidas de carácter urxente que se poden tomar para a protección da persoa/s acosada/s, pódese facer :

- ✓ Vixilancia específica das persoas implicadas, tanto acosado coma acosador.
- ✓ Asignación dunha persoa de apoio á vítima.
- ✓ Encontros periódicos coas persoas implicadas.



- ✓ Titoría individual con axuda do Departamento de Orientación proporcionando técnicas de autoprotección, relaxación e control estrés ao alumnado acosado.
- ✓ Organización de grupos de axuda para axudar á vítima.
- ✓ Apertura o correspondente expediente disciplinario.

4) Coma medidas complementarias, ademais das incluídas no propio expediente disciplinario, e con ánimo de reeducar á/s persoa/s agresora/s:

- ✓ Elaboración, por parte do Departamento de Orientación, dun programa de habilidades sociais.
- ✓ Desenvolvemento de procedementos de conciliación.
- ✓ Formación de equipos mediadores.
- ✓ Petición de perdón á vítima, traballos de reflexión sobre a súa conduta, etc.
- ✓ Programas de modificación da conduta por medio de axuda especializada.
- ✓ Solicitude ás familias de colaboración de vixilancia e control dos seus fillos/as.

5) Unha vez confirmada a situación de acoso escolar, requírese a tramitación do preceptivo expediente disciplinario e, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes, segundo a lexislación vixente.

As medidas gravemente prexudiciais para a convivencia, coma o acoso escolar, serán corrixidas coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011.

Para a aplicación destas medidas terase en conta o recollido no artigo 23 da Lei 4/2011:

- ✓ Ter en conta a gravidade da conduta e a idade de vítima e agresor/a.
- ✓ Deben encamiñarse cara o arrepentimento do agresor/a e a pedir perdón á vítima.
- ✓ Permitir ao agresor/a a reflexión sobre a súa conduta e as súas repercusións .
- ✓ Respectar o principio de confidencialidade.
- ✓ Intervención coordinada dos profesionais implicados.

O centro pode tamén organizar outras medidas que impliquen ou vaian dirixidas cara o alumnado, as súas familias ou o docentes, por exemplo:

- ✓ Campañas de sensibilización, programas de habilidades sociais, de comunicación e de empatía.
- ✓ Formación dos titores/as legais en habilidades sociais, resolución de conflitos, prevención do sexismo, uso negativo da televisión e demais tecnoloxías...
- ✓ Formación do docentes para a detección e intervención temperá de conflitos na aula.
- ✓ Unificación dos criterios de actuación, creación dun código común.



- ✓ Apoiar e potenciar a actuación titorial e promover a implicación do alumnado na resolución de conflitos.

6) Comunicación á Inspección Educativa.

A dirección informará á Inspección nos seguintes casos:

- ✓ Cando se confirma a situación de acoso escolar e procédese á súa incoación.
- ✓ Cando haxa coñecemento de denuncia policial ou xudicial.
- ✓ Cando o pida a propia Inspección.

Esta comunicación constará de:

- ✓ A información recolleita polo centro.
- ✓ As actuacións realizadas e as súas datas.
- ✓ A información complementaria que se considere relevante

5) Seguimento das medidas adoptadas.

A Dirección do Centro levará a cabo un seguimento da situación para comprobar a pertinencia e cumprimento das medidas adoptadas, para iso, concertará entrevistas periódicas coa vítima, comprobando que a actuación é eficaz e xa non hai situación de acoso.

5.2. O CIBERACOSO

A aparición de novas tecnoloxías no mundo escolar é imparábel e, aínda que ben utilizadas, a súa vantaxe é evidente, o seu mal uso presenta inconvenientes e até certos riscos.

Imos considerar o ciberacoso como aquela situación de acoso escolar onde se empregan as tecnoloxías de Información e Comunicación (TICs), situación regulada no artigo 28 da lei 4/2011 e no punto 2 do artigo 12 de dita Lei e no artigo 15 da mesma Lei establécense as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia como: gravación, manipulación e difusión (por calquera medio) de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra e dignidade da persoa, á súa intimidade persoal e á súa propia imaxe.

Critérios de identificación do ciberacoso

- ✓ A situación perdura no tempo.
- ✓ Adoita existir relación previa entre vítima e acosador/a.
- ✓ Existe intención de facer dano.
- ✓ Realízase mediante o emprego de TICs como Internet, móbil, redes sociais, foros, blogs...

Tipos de ciberacoso

- ✓ Persecución: envío de imaxes ou vídeos denigrantes, virus, mensaxes ameazantes.



- ✓ Exclusión: envío de comentarios despectivos, rumores difamatorios, negación acceso a foros.
- ✓ Manipulación: difusión de información de xeito inapropiada ou se accede a unha clave doutra persoa.

Unha vez recoñecido o ciberacoso o colexio debe traballar, *ipso facto*, en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e protección.

Protocolo de actuación

- ✓ Imprescindíbel conservar as probas do acoso xa sexa foto, vídeo, impresión de páxinas, ficheiros...
- ✓ Identificación dos autores do ciberacoso, dirección IP (de se poder, contactar coa compañía do medio empregado para ese ciberacoso, informalos do caso e pedir información).
- ✓ De se dar o caso, informar ás forzas de seguridade do Estado.

Todas as actuacións débense facer coas máximas medidas de discreción e confidencialidade.

Ademais no documento do protocolo faranse constar:

- ✓ Características dos dispositivos tecnolóxicos utilizados.
- ✓ Natureza dos feitos.
- ✓ Tempo de exposición da vítima ao acoso.
- ✓ Dificultade para detelo.
- ✓ Idades de vítimas e acosador/a.
- ✓ Repercusión do acoso na vítima e a súa relación co ámbito escolar.
- ✓ Intensidade do acoso e o seu grado de difusión.
- ✓ Gravidade da situación.

Estratexias preventivas

- ✓ Os docentes deben coñecer as redes sociais.
- ✓ Aplicar as medidas de seguridade apropiadas nos equipos informáticos escolares.
- ✓ Establecer normas de uso na aula.
- ✓ Empregar sistemas de control.
- ✓ Estar atentos ao mal uso e malas prácticas.
- ✓ Aconsellar ao alumnado no bo uso das tecnoloxías, sempre usar alias, só mandar información a xente de confianza, non citarse nin comunicar datos persoais nin de domicilio a estraños...



- ✓ No fogar, os/as titores/as legais deben vixiar o uso das tecnoloxías dos seus tutelados/as de xeito natural, facéndolles ver que un uso responsábel é bo para todos e, de ser preciso, restrinxindo o uso en horarios e contido; non lles deixando usar o computador, móbil, *tablet...* a soas.
- ✓ Estar atentos aos cambios de humor, de actitude, de amizades... especialmente de coincidir cos seus accesos ás redes.
- ✓ Sondar periodicamente na procura de imaxes, datos persoais ou comunicacións dos tutelados/as.

Particularidades xurídicas do ciberacoso

O ciberacoso pode ser constitutivo dun delito de:

1.- AMEAZAS: reguladas no artigo 169 ao 171 do *Código Penal* onde se indica que a comisión deste tipo de delito require:

- ✓ Ameaza.
- ✓ Que a ameaza sexa causar mal.
- ✓ Que exista unha condición para non causar devandito mal.

2.- COACCIONES: reguladas nos artigos 172 e 173 do *Código Penal* onde se indica que a comisión deste tipo de delito require:

- ✓ Que se obrigue a un terceiro a deixar ou facer algo.
- ✓ Que esa obrigación sexa exercida con violencia.

3.- INXURIAS: reguladas nos artigos 206 a 210 do *Código Penal* onde se indica que a comisión deste tipo de delito require:

- ✓ Que exista unha acción ou expresión.
- ✓ Que se lesione a dignidade, fama ou a propia estimación.

4.- CALUMNIAS: reguladas no artigo 205 do *Código Penal* onde se indica que a comisión deste tipo de delito require:

- ✓ Que exista a imputación dun delito.
- ✓ Que a imputación sexa falsa.
- ✓ Que a imputación sexa por un delito concreto.
- ✓ Que a imputación se realice sobre unha persoa identificada ou identificábel.

6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN E PROCEDEMENTOS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

- ✓ Funcionamento dunha **aula de atención educativa e convivencia**.



- ✓ Establecemento de reunións periódicas de titores, Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos para abordar e estudar a problemática ou os conflitos concretos.
- ✓ Formación do alumnado en mediación. A formación dos mediadores debe ser rigorosa e profunda, xestionada e desenvolvida por persoal experto, con coñecementos científicos de psicoloxía e especialistas en mediación, para poder garantir que os mediadores saiban, en cada momento, que está ocorrendo coa tarefa que asumen e o nivel de responsabilidade social á que se comprometen.
- ✓ Reunións informativas para as familias do alumnado. Ao comezo do curso, organízanse reunións entre as familias do alumnado, Equipo Directivo, Departamento de Orientación e titores dos diferentes grupos. Nestas reunións, dáse unha completa información sobre o funcionamento do centro, o plan de estudos, as actividades extraescolares (complementarias e deportivas), as normas de convivencia e todo aquilo que se considere relevante para a educación do alumnado; dando respostas ás dúbidas que se formulen.
- ✓ Acollida dos docentes de nova incorporación. O docente de nova incorporación, así como os docentes substitutos que se incorporen ao longo do curso, serán acollidos por un membro do Equipo Directivo que lle dará a benvida e a precisa información sobre o funcionamento do centro e as diferentes instalacións do mesmo.

7. NORMAS DE CONVIVENCIA

7.1. DEREITOS E OBRIGAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

-Composición da Comunidade Educativa do Centro:

O Centro configúrase como unha Comunidade Educativa integrada polo conxunto de persoas que, relacionadas entre si, e implicadas na acción educativa, comparten e enriquecen os obxectivos do centro, colaborando e actuando en aras do logro do obxectivo común.

A comunidade educativa do centro está composta polos seguintes sectores:

- ✓ A entidade titular e a cooperativa (que actúa por medio dos seus representantes legalmente designados).
- ✓ O alumnado escolarizado no centro.
- ✓ Os docentes.
- ✓ Os/as titores/as legais do alumnado escolarizado no centro.
- ✓ Persoal de administración de servizos.
- ✓ Igualmente, outras persoas ou colectivos, que sen se integrar na comunidade educativa de forma plena, si se relacionan coa mesma e colaboran no cumprimento dos seus fins.



Todos os integrantes da Comunidade Educativa exercerán os seus dereitos e obrigacións dentro dun marco de respecto recíproco.

- Obxectivos comúns:

Todos os membros da comunidade educativa do centro implícanse, dentro dos seus respectivos ámbitos de competencia e funcións, en interactuar para o logro dos seguintes obxectivos:

- ✓ O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- ✓ A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia.
- ✓ A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- ✓ A adquisición, por parte dos alumnado, de hábitos intelectuais e técnicas de traballo de coñecementos: científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así coma o desenvolvemento de hábitos saudábeis: o exercicio físico e o deporte.
- ✓ Colaborar en que o alumnado adquira a capacidade para o exercicio de actividades profesionais.
- ✓ A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así coma na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- ✓ Preparar ao alumnado para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsábel e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
- ✓ A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos, así coma a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular no valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentábel.
- ✓ A capacidade para a comunicación na lingua española e galega, así coma nunha ou máis linguas estranxeiras.
- ✓ Conseguir unha boa convivencia escolar que permita o desenvolvemento integral do alumnado, facilite o traballo docente con total normalidade para que o sistema educativo alcance os fins e obxectivos previstos nas disposicións de aplicación.
- ✓ Fomentar e respectar as normas de convivencia e os procedementos para a resolución dos conflitos que alteren ou poidan alterar a convivencia escolar.
- ✓ Respectar os dereitos e facer cumprir os deberes do alumnado, dos/as titores/as legais, do docentes e do persoal do centro.



Dereitos:

Todos os membros da Comunidade Educativa teñen dereito a:

- ✓ Ser respectados nos seus dereitos e na súa integridade e dignidade persoais.
- ✓ Coñecer o Ideario ou Carácter Propio, o Proxecto Educativo e as Normas de Organización e Funcionamento do Centro.
- ✓ Participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto no vixente NOF e nas disposicións legais que resulten da súa aplicación.
- ✓ Celebrar reunións dos seus respectivos estamentos no centro para tratar asuntos da vida escolar dentro dos seus respectivos ámbitos de competencias, de conformidade co disposto na lexislación e no vixente NOF, e, no seu caso, previa a oportuna autorización da Entidade Titular, tendo en conta as dispoñibilidades de espazos do Centro e sen que, en todo caso, implique diminución, ou interfira na actividade docente do mesmo.
- ✓ Constituír Asociacións dos membros dos respectivos Estamentos da Comunidade Educativa, con arranxo ao disposto na Lei.
- ✓ Presentar peticións, suxestións e queixas, formuladas por escrito e asinadas, ante o órgano que, en cada caso, corresponda.
- ✓ Reclamar ante o órgano competente naqueles casos en que sexan conculcados os seus dereitos.
- ✓ Exercer aqueloutros dereitos recoñecidos nas leis, no Ideario ou Carácter propio e no vixente NOF.

Exercicio dos dereitos:

O exercicio dos dereitos recoñecidos ao alumnado, titores/as legais, docentes e persoal de administración e servizos, no ámbito da convivencia escolar, implica o recoñecemento e o respecto dos dereitos de todos os restantes membros da comunidade educativa.

Deberes:

Os membros da Comunidade Educativa están obrigados a:

- ✓ Respetar os dereitos da Entidade Titular, o alumnado, o docentes os/as titores/as legais, o Persoal de Administración e Servizos e os outros membros da Comunidade Educativa.
- ✓ Respetar o presente NOF, no seu conxunto e integridade, aos que se someten de forma expresa unha vez recibido un exemplar do mesmo.
- ✓ Coñecer, respectar e cumprir o Carácter Propio do Centro, o Ideario, o Proxecto Educativo e as cuestións propias aos aspectos organizativos e/ou pedagóxicos.



- ✓ Colaborar no desenvolvemento das actividades e servizos do centro, tanto das complementarias coma extraescolares ou de calquera outra natureza que estean instituídos ou o estean no futuro.
- ✓ Respetar e promover a imaxe positiva do Centro.
- ✓ Asistir e participar nas reunións dos órganos dos que formen parte.

7.2. DEREITOS E OBRIGAS DA ENTIDADE TITULAR

A Entidade Titular é a única competente para definir o Ideario ou Carácter Propio do Centro.

Son funcións e competencias propias da Entidade Titular, a cooperativa, en relación co Centro:

- ✓ Establecer, con respecto do disposto na lexislación aplicábel, o Carácter Propio do Centro, o Ideario, o Proxecto Educativo e de cuestións propias aos aspectos organizativos e pedagóxicos, así como propor a aprobación ou modificación das Normas de Organización e Funcionamento.
- ✓ Solicitar a modificación ou extinción da autorización administrativa de apertura e funcionamento existente, de conformidade coa lexislación vixente.
- ✓ Intervir no nomeamento e cese da Dirección.
- ✓ Asumir a responsabilidade e ordenar toda a xestión económica e de calquera índole do centro, así coma a contratación do persoal e as conseguíntes relacións laborais, con respecto de canto está establecido para o persoal docente en réxime de pago delegado.
- ✓ Participar na elaboración dos criterios de selección dos docentes.
- ✓ Fixar, con respecto á normativa vixente, os criterios de admisión do alumnado no centro e decidir sobre a admisión e sobre a renovación ou non renovación de praza, e, no seu caso, a expulsión, conforme ás normas de convivencia que se establecen no vixente NOF e demais normativas de aplicación.
- ✓ Ter a iniciativa en materia de corrección das alteracións da convivencia.
- ✓ Responder ante a administración do cumprimento de canto prescribe a lexislación vixente.
- ✓ Decidir a prestación de actividades complementarias e servizos complementarios, así coma actividades en réxime aberto e extraescolares.
- ✓ Decidir sobre as solicitudes de renovación ou modificación de concertos educativos.
- ✓ Decidir sobre a uniformidade do alumnado.



- ✓ Velar porque os dereitos e deberes do alumnado, titores/as legais, docentes e persoal de administración e servizos sexan suficientemente coñecidos dentro da comunidade educativa, correctamente exercidos e efectivamente garantidos.

Deberes

A Entidade Titular está obrigada a:

- ✓ Dar a coñecer o carácter propio do centro, o Ideario, o Proxecto Educativo e as cuestións propias dos aspectos organizativos e pedagóxicos, e as Normas de Organización e Funcionamento, aos que a Comunidade Educativa declarará someterse expresamente.
- ✓ Responsabilizarse do funcionamento e xestión do centro ante a Comunidade Educativa, a Administración e a Sociedade.
- ✓ Cumprir e facer cumprir as normas reguladoras da autorización do centro e da Ordenación Académica.
- ✓ Cumprir e implantar toda a normativa legal a que se obrigue o funcionamento dun centro concertado sito no territorio da Autonomía Galega.
- ✓ Garantir a aplicación do plan de convivencia, así como a mediación na resolución dos conflitos e rexistrar as incidencias que se produzan nel.

7.3. DEREITOS E OBRIGAS DO ALUMNADO

Principio xeral

O pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais é o fin primordial que debe perseguir o noso sistema educativo.

Criterios esenciais

Todo o alumnado ten os mesmos Dereitos e Deberes básicos sen máis distincións que aqueles que se deriven da súa idade e das etapas ou niveis dos ensinos que cursen.

Órganos de control

A Administración Educativa e os Órganos de Goberno do Centro, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán polo correcto exercicio dos dereitos e deberes do alumnado e garantirán a súa efectividade de acordo co vixente NOF.

Órganos de intervención

Os Órganos de Goberno do Centro, colexiados ou unipersonais, así coma a Comisión de Convivencia, adoptarán as medidas preventivas precisas para garantiren os dereitos do alumnado e para impediren a comisión de feitos contrarios ás Normas de



Convivencia do Centro. Con este fin, potenciarase a comunicación constante e directa cos/as titores/as legais ou representantes legais do alumnado.

Dereitos esenciais

O alumnado ten dereito a recibir unha formación integral que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade, de acordo co Carácter Propio do Centro, o Ideario, o Proxecto Educativo e de cuestións propias aos aspectos organizativos e/ou pedagóxicos, e as Normas de Organización e Funcionamento, aos que declaran someterse expresamente.

Estes dereitos inclúen:

- ✓ Unha formación integral que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade, no respecto dos Dereitos e Liberdades fundamentais.
- ✓ Unha formación nos valores e principios recolleitos na normativa internacional, *Constitución Española* e no *Estatuto de Autonomía de Galicia*.
- ✓ Que se respecte a súa identidade, integridade e dignidade persoal.
- ✓ A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.
- ✓ A recibir orientación educativa e profesional.
- ✓ A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa *Constitución Española*.
- ✓ A protección contra toda agresión física ou moral.
- ✓ A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes.
- ✓ Unha formación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- ✓ A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- ✓ A capacidade para o exercicio de actividades intelectuais e profesionais.
- ✓ A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural da nosa Comunidade.
- ✓ Unha preparación para participar activamente na vida social.
- ✓ A formación para a paz, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- ✓ A formación universal da persoa e o coñecemento do seu contorno social e cultural inmediato, así como da lingua, historia, xeografía, cultura e realidade da Comunidade Galega.
- ✓ A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.



- ✓ O desenvolvemento harmónico da afectividade, da autonomía persoal e da capacidade de relación cos demais.
- ✓ A educación que asegure a protección da saúde e o desenvolvemento das capacidades físicas.
- ✓ A participación e mellora na calidade do ensino.
- ✓ A obxectividade na súa avaliación.
- ✓ A asociación, nos termos previstos pola normativa en vigor.
- ✓ A reunión, dereito que se exercerá de acordo coa lexislación vixente e tendo en conta que non entorpeza o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Da formación integral

Todo o alumnado ten dereito a recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

Para facer efectivo este dereito, a educación do alumnado incluírá:

- ✓ A formación nos valores e principios recolleitos na normativa internacional, *Constitución Española* e no *Estatuto de Autonomía de Galicia*.
- ✓ A consecución de hábitos intelectuais e sociais e estratexias de traballo, así como dos necesarios coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e de uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ✓ A formación integral da persoa e o coñecemento do seu contorna social e cultural inmediato e, en especial, da lingua, historia, xeografía, cultura e realidade da sociedade actual.
- ✓ A formación na igualdade entre homes e mulleres.
- ✓ A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural da sociedade actual.
- ✓ A orientación educativa e profesional.
- ✓ A capacitación para o exercicio de actividades profesionais e intelectuais.
- ✓ A formación para a paz, cooperación e solidariedade entre os pobos.
- ✓ A educación emocional que lles permita afrontar adecuadamente as relacións interpersonais.
- ✓ A educación que asegure a protección da saúde e o desenvolvemento das capacidades físicas e psíquicas.
- ✓ A súa integridade e dignidade persoal.
- ✓ A información.



- ✓ A adecuada organización do traballo dentro da xornada escolar axustada á idade do alumnado, a fin de permitir o pleno desenvolvemento da súa personalidade e das súas capacidades intelectuais.
- ✓ A formación no esforzo e o mérito.
- ✓ A formación no lecer e no tempo libre.
- ✓ A formación nos bos hábitos do consumo.
- ✓ Calquera outra cuestión que lles recoñeza a lexislación vixente.

O alumnado ten dereito a que os seus/súas titores/as legais velen pola súa formación integral, colaborando para iso coa comunidade educativa, especialmente no cumprimento das normas de convivencia e das medidas establecidas nos centros docentes para favorecer o esforzo e o estudo.

Da igualdade

Todo o alumnado ten dereito ás mesmas oportunidades de acceso aos diferentes niveis educativos.

Nos niveis non obrigatorios non haberá máis limitacións, que as derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o estudo.

A igualdade de oportunidades se promoverá mediante:

- ✓ A non discriminación baixo ningún aspecto.
- ✓ O establecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades.
- ✓ A realización de políticas educativas de integración e de educación especial.

Avaliación do rendemento

✓ O alumnado ten dereito a que a súa dedicación, esforzo e rendemento escolar sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.

✓ Así mesmo, terán dereito a ser informados, ao comezo de cada curso, dos criterios de avaliación, de cualificación e das probas ás que serán sometidos, de acordo cos obxectivos e contidos do ensino en cada curso ou período de avaliación.

✓ O alumnado poderá solicitar revisións respecto das cualificacións de actividades académicas ou de avaliación tanto parciais como finais de cada curso.

✓ O alumnado poderá reclamar contra as cualificacións obtidas e as decisións de promoción ou obtención do título académico que corresponda. Para ese efecto, seguirase o procedemento que a *Consellería de Educación* estableza para facer efectivo este dereito.

✓ Estes dereitos poderán ser exercidos, no caso de alumnado menor de idade, polos seus/súas titores/as legais.



- ✓ Conservación de documentos

Dereito á orientación

Todo o alumnado ten dereito a recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.

Dereito á seguridade e hixiene

Todo o alumnado ten dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

Liberdade de conciencia e ideoloxía

O alumnado ten dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas crenzas e conviccións relixiosas, éticas, morais e ideolóxicas, así coma a intimidade no referente a tales crenzas ou conviccións, o que inclúe os seguintes dereitos:

- ✓ A información, antes de formalizar a matrícula, sobre o Proxecto Educativo e sobre o seu Carácter Propio. Dereito que corresponderá tamén aos/ás titores/as legais cando o alumnado sexa menor de idade.
- ✓ O fomento da capacidade e actitude crítica do alumnado.
- ✓ A que non se lles imponha unha formación relixiosa determinada.
- ✓ Estes dereitos teñen a correspondencia co respecto, por parte do alumnado e as súas familias, ao ideario e carácter propio do centro, que en todo caso prevalecerá.

Integridade física e moral

O dereito á integridade e a dignidade persoal do alumnado implica:

- ✓ O respecto á súa identidade, intimidade e dignidade persoais.
- ✓ O respecto a súa integridade física, psicolóxica e moral.
- ✓ A protección contra toda agresión física, sexual, psicolóxica, emocional ou moral, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
- ✓ O desenvolvemento da súa actividade educativa en adecuadas condicións de seguridade e hixiene.
- ✓ A disposición no centro educativo dun ambiente que fomente o respecto, o estudo, a convivencia, a solidariedade e o compañeirismo entre o alumnado.
- ✓ A confidencialidade dos datos persoais e familiares, de conformidade coa normativa vixente.

Confidencialidade

O alumnado ten o dereito a que o centro garde reserva sobre toda a información de que dispoña sobre as súas circunstancias persoais e familiares. Non obstante os Centros



comunican á autoridade competente as circunstancias que poidan implicar malos tratos para o alumnado ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas Leis de protección dos menores.

Participación

O alumnado ten dereito a participar no funcionamento e na vida do centro, na actividade escolar e extraescolar, e a elixir mediante sufraxio directo e segredo, aos seus representantes e aos delegados de grupo, de conformidade co disposto nas normas vixentes.

Liberdade de expresión

Todo o alumnado ten dereito á liberdade de expresión, de xeito individual ou colectivo, sen prexuízo do respecto dos dereitos de todos os membros da Comunidade Educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e Dereitos Constitucionais e dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente. Poderán manifestar as súas discrepancias (individual ou colectivamente) respecto das decisións educativas que lles afecten.

Dereito de asociación e reunión

O dereito de asociación e de reunión comprende os seguintes dereitos:

- ✓ A asociarse, coa posibilidade de creación de asociacións, federacións e confederacións do alumnado.
- ✓ A asociarse, unha vez terminada a súa relación co centro ou ao termo da súa escolarización, en entidades que reúnan ao antigo alumnado e colaborar a través delas no desenvolvemento das actividades do centro.
- ✓ A reunirse no centro educativo. O exercicio deste dereito desenvolverase de acordo coa lexislación vixente respectando o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Da información

O alumnado ten dereito a ser informado polos seus representantes nos órganos de participación nos que estean representados e por parte das asociacións do alumnado, tanto sobre as cuestións propias do centro, coma sobre aquelas que afecten a outros centros docentes e ao sistema educativo en xeral.

O alumnado (ou os seus/súas titores/as legais, cando o alumnado sexa menor de idade) ten dereito a ser informado, antes da recolleita dos seus datos, do destino dos datos persoais que se lles soliciten no centro, da finalidade coa cal van ser tratados, do seu dereito de oposición, acceso, rectificación ou cancelación e da localización na cal o



poderán exercer, nos termos indicados na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Control de exercicio de dereitos

Cando non se respecten os dereitos do alumnado, ou calquera membro da Comunidade Educativa, impida ou obstaculice o efectivo exercicio de devanditos dereitos, o Órgano Competente do Centro adoptará as medidas que procedan conforme ao disposto na lexislación vixente e, neste Plan de Convivencia, previa audiencia dos interesados e consulta á Dirección do Centro.

Dereito á protección de datos de carácter persoal

No tratamento dos datos do alumnado aplicarase normas técnicas e organizativas que garanten a súa seguridade e confidencialidade. Os docentes e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten ao honor e intimidade dos menores ou as súas familias, quedará suxeito ao deber de sixilo.

Os/as titores/as legais e o propio alumnado deberán colaborar na obtención da información solicitada polo centro, precisa para o exercicio da función educativa. Devanditos datos son os que fan referencia á orixe e ambiente familiar e social, as características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así coma aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación do alumnado.

A incorporación de novo alumnado, ao centro, suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro en que estivese escolarizado con anterioridade. En todo caso, a información a que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso. Para o que, os/as titores/as legais asinan un documento, ao incorporarse ao centro, no que dan, ou non, o seu consentimento para que os seus/súas fillos/as aparezan en fotografías na páxina web do centro, en publicidade e publicacións. Devandito documento será custodiado polo titor e poderá ser susceptible de cambios a petición dos/as titores/as.

Deberes básicos

Constitúen deberes básicos do alumnado:

- ✓ O estudo e o esforzo para conseguir o máximo desenvolvemento, segundo as súas capacidades.
- ✓ O respecto á liberdade de conciencia de todos os membros da comunidade educativa.



- ✓ Respectar aos docentes, seguir as súas instrucións e directrices, así coma aos demais membros da comunidade educativa.
- ✓ O respecto ás normas de convivencia, participando e colaborando en mellorar a convivencia escolar.
- ✓ O respecto á diversidade.
- ✓ O respecto ás instalacións do centro.
- ✓ O respecto ao Proxecto Educativo do Centro.
- ✓ A participación na vida do centro.
- ✓ Asistir a clase con puntualidade.
- ✓ A cumprir as normas de uniformidade determinadas polo centro.
- ✓ Os restantes contidos das normas de convivencia anotadas, cada curso escolar, na axenda escolar do alumnado.
- ✓ Os restantes contidos no presente NOF, os establecidos ou que se poidan establecer nas leis de aplicación, e nas determinacións adoptadas polo Consello Escolar do Centro.

Deber de estudo

O estudo constitúe un deber básico do alumnado, que comporta o desenvolvemento e aproveitamento das súas aptitudes persoais e dos coñecementos que se lle impartan. Concrétase nos seguintes deberes:

- ✓ Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudos.
- ✓ Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento básico das actividades do Centro.
- ✓ Seguir as orientacións dos docentes respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- ✓ Ter unha actitude activa, participativa e atenta en clase, sen alterar nin interromper o seu normal desenvolvemento.
- ✓ Asistir ao centro co material e equipamento adecuados para poder participar activamente no desenvolvemento das clases.
- ✓ Permanecer no recinto escolar durante a xornada lectiva.
- ✓ Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos compañeiros.
- ✓ Observar unha actitude responsábel no seu traballo de estudante.
- ✓ Adquirir hábitos intelectuais e de traballo en orde á súa capacidade para a continuidade dos seus estudos e a súa posterior actividade profesional.
- ✓ Esforzarse por superar os niveis mínimos de rendemento académico.



- ✓ Calquera outra establecida pola normativa vixente en cada momento.

Deber de respecto

O alumnado ten a obriga de respectar o exercicio dos dereitos e as liberdades de todos os membros da comunidade educativa. Este deber concrétase nas obrigacións seguintes:

- ✓ Respectar aos seus docentes e lles dar o trato, a consideración e o respecto que son acordes coa importancia social da súa tarefa.
- ✓ Respectar a liberdade de conciencia, e as conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas dos membros da comunidade educativa.
- ✓ Respectar a identidade, a integridade, a dignidade e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- ✓ Colaborar cos docentes na súa responsabilidade de transmisión de coñecementos e valores.
- ✓ Cumprir as normas e seguir as pautas establecidas polos docentes.
- ✓ Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, lingua ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

Deberes relacionados coas normas de convivencia

O alumnado ten o deber de respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo. Este deber concrétase nas obrigacións seguintes:

- ✓ Participar e colaborar na promoción dun adecuado ambiente de convivencia escolar, así como coñecer o plan de convivencia do centro.
- ✓ Respectar o dereito do resto do alumnado para que non sexa perturbada a súa actividade educativa.
- ✓ Xustificar, de forma adecuada e documentada, ante o titor, as faltas de asistencia e de puntualidade. No caso de que sexa menor de idade, xustificarse por parte dos/as titores/as legais do alumnado.
- ✓ Utilizar, adecuadamente, as instalacións, materiais e recursos educativos utilizados no centro.
- ✓ Respectar os bens e pertenzas dos membros da comunidade educativa.
- ✓ Cumprir as Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- ✓ Respectar e cumprir as decisións dos órganos unipersoais e colexiados do centro, sen prexuízo de facer valer os seus dereitos cando considere que algunha das decisións vulnere algún deles, de acordo co procedemento que establezan as Normas de Organización e Funcionamento do centro e a lexislación vixente.



- ✓ Cumprir as normas de seguridade, saúde e hixiene no centro, considerando expresamente a prohibición de fumar, portar e consumir bebidas alcohólicas, produtos estupefacientes e psicotrópicos.
- ✓ Respetar o proxecto educativo, ou o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.
- ✓ Responsabilizarse das comunicacións que se establezan entre a familia e o centro educativo, e viceversa.
- ✓ Utilizar o equipamento informático, software e comunicacións do centro, incluído Internet, para fins estritamente educativos.
- ✓ Respetar o establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do centro respecto dos usos e prohibicións na utilización das novas tecnoloxías (teléfonos móbiles, aparellos reprodutores, videoxogos, etc.), tanto na actividade académica como cando non sirvan aos fins educativos establecidos no proxecto educativo do centro

Deber de uniformidade

O alumnado escolarizados neste centro debe asumir o deber de vestir o uniforme determinado polo centro, que será comunicado con carácter previo ao comezo de cada curso escolar, tanto ás familias como ao Consello Escolar do centro. Esta medida está especialmente amparada polo artigo 52-t) do Decreto 39/2008, de 4 de abril e, aínda que recollido no apartado de deberes do alumnado, trátase dun principio que debe ser igualmente acatado e cumprido polos seus titores/as legais.

Outros deberes xerais

Participar na vida e funcionamento do centro e de non impedir o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Respetar as decisións dos órganos unipersonais e colexiados do Centro.

Utilizar adecuadamente as instalacións do Centro, responsabilizándose dos danos ocasionados polo seu mal uso.

Promover a imaxe positiva do Centro, tanto dentro como fóra del.

7.4. DEREITOS E OBRIGAS DOS DOCENTES

Principio xeral

Todos os docentes, así como calquera persoa que desenvolva a súa actividade educadora no centro, ten os mesmos dereitos e deberes no desenvolvemento educativo do alumnado, sen máis distincións que aquelas que se deriven da súa relación xurídica co centro, cargos directivos ou funcións que desempeñe.



Dereitos esenciais

Os docentes teñen dereito a:

- ✓ Ser respectados e recibir o trato, a consideración e o respecto acordes coa importancia social da súa tarefa, sendo valorados pola comunidade educativa e pola sociedade en xeral.
- ✓ Recibir a colaboración necesaria por parte dos/as titores/as legais do alumnado que proporcione un adecuado clima de convivencia escolar e facilite unha educación integral para o alumnado.
- ✓ Recibir a colaboración dos/as titores/as legais do alumnado na realización das tarefas escolares en casa, levar a cabo o control da súa asistencia a clases e titorías, proporcionando a información necesaria para a súa adecuada atención.
- ✓ Desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado, no que sexan respectados os seus dereitos, especialmente os que se relacionan coa súa integridade física e moral.
- ✓ Desempeñar a súa función educativa, de acordo co Carácter Propio do Centro, o Ideario, o Proxecto Educativo e as cuestións propias dos aspectos organizativos e/ou pedagóxicos e as Normas de Organización e Funcionamento.
- ✓ Exercer as competencias que no ámbito de convivencia escolar lles sexan atribuídas no Decreto 39/2008 e o resto da normativa vixente.
- ✓ Ter autonomía para tomar as decisións necesarias para manter un adecuado clima de convivencia durante as clases, actividades complementarias e extraescolares.
- ✓ Expresar a súa opinión acerca do clima de convivencia no centro, así como a facer propostas para melloralo.
- ✓ Participar na elaboración das normas e decisións colexiadas.
- ✓ A súa formación permanente.
- ✓ Ter a consideración de autoridade pública, no desempeño da función docente, aos efectos do disposto no artigo 39/2008.
- ✓ Participar no Proxecto Curricular de Etapa, de forma co-responsábel co conxunto de docentes da etapa.
- ✓ Desenvolver a súa metodoloxía de acordo co Proxecto Curricular de Etapa e de forma coordinada co Departamento correspondente
- ✓ Exercer a súa función avaliadora de acordo cos criterios establecidos no Proxecto Curricular de Etapa e na normativa vixente.



- ✓ Utilizar os recursos materiais e instalacións do centro para os fins educativos en conformidade as Normas Reguladoras do seu uso.
- ✓ As demais que lles recoñezan as leis, demais normas xurídicas e os convenios colectivos aplicábeis.
- ✓ Coñecer o Proxecto Educativo do Centro, así como o seu carácter propio.

Carácter de autoridade do docente

Como consecuencia derivada do establecido nos artigos 38-C, 40.2-a) e 46-a) presente nas Normas de Organización e Funcionamento e, ao amparo do establecido no artigo 6 da Lei 15/2010, de 3 de decembro, da *Xunta de Galicia*, de Autoridade dos Docentes, no exercicio das competencias correctoras ou disciplinarias, os feitos constatados polo persoal docente gozarán da presunción de veracidade, cando se formalicen documentalmente no curso dos procedementos instruídos en relación coas condutas que sexan contrarias ás normas de convivencia e respecto dos feitos constatados por eles persoalmente no exercicio da súa función docente, sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan ser sinaladas ou aportadas.

Deberes esenciais

Os docentes están obrigados a:

- ✓ Exercer as súas funcións con arranxo ás condicións estipuladas no seu contrato e/ou nomeamento, cando desempeñen, neste último caso, un cargo directivo.
- ✓ Respetar e facer respetar o Proxecto Educativo do Centro, así como o seu carácter propio.
- ✓ Cumprir coas obrigacións establecidas pola normativa sobre a convivencia escolar e as derivadas da atención á diversidade do alumnado.
- ✓ Participar na elaboración da programación específica da área ou materia que imparte no seo do equipo docente do curso e do departamento correspondente.
- ✓ Elaborar a programación de aula, coas unidades didácticas correspondentes.
- ✓ Participar na avaliación dos distintos aspectos da acción educativa.
- ✓ Respetar e dar un trato adecuado aos membros da Comunidade educativa.
- ✓ Colaborar en manter a orde e a disciplina do exercicio das súas funcións, tanto dentro como fóra da aula.
- ✓ Cumprir, puntualmente, o horario e o calendario escolar e demais normativas do centro.
- ✓ Procurar o seu perfeccionamento profesional.
- ✓ Gardar sixilo profesional.



- ✓ Controlar a asistencia e puntualidade do alumnado e comunicar as incidencias a quen corresponda.
- ✓ Actuar con dilixencia e rapidez ante calquera incidencia relevante no ámbito da convivencia escolar e comunicalo ao profesor/a titor/a e á dirección, de corresponder, para que se tomen as medidas oportunas.
- ✓ Asistir ás sesións de claustro, sesións de avaliación, reunións de departamento e ciclo, así como ás dos órganos de goberno dos que poida formar parte.
- ✓ Informar aos responsábeis do centro das situacións familiares que puidesen afectar ao alumnado.
- ✓ Comunicar á xefatura de estudos e á dirección pedagóxico, cando se vaia dar a imposibilidade de asistencia á clase, atendéndose á normativa vixente e indicacións do centro.
- ✓ Planificar as clases ao seu cargo de acordo cos esquemas de traballo do seu departamento.
- ✓ Comportarse de acordo co Ideario do Centro.
- ✓ Rexistrar a avaliación.
- ✓ Establecer unhas horas de entrevista cos/coas titores/as legais do alumnado para se asegurar de que estes están informados dos progresos do alumnado.
- ✓ Esforzarse en manter boas relacións profesionais co resto de compañeiros.
- ✓ Ser conscientes das diferenzas sociais, psicolóxicas... do alumnado.
- ✓ Identificar as necesidades específicas do alumnado.
- ✓ Contribuír ao correcto uso da linguaxe por parte dos estudantes.
- ✓ Esixir aos estudantes o máximo nivel que permita a súa capacidade.
- ✓ Respetar as datas de entrega de informes, así como as normas establecidas para o seu correcto cumprimento.
- ✓ Informar ao resto do equipo docente dos problemas e progresos dos estudantes.
- ✓ Realizar as vixilancias que lles corresponden seguindo as instrucións establecidas pola dirección.
- ✓ Realizar as súas funcións de acordo coas directrices e instrucións que marquen os órganos superiores.
- ✓ As demais que establezan as Leis, demais disposicións legais e convenios colectivos de aplicación.



Admisión dos docentes

A cobertura de vacantes de docentes compete á Entidade Titular do Centro, con total liberdade, sen máis limitacións que as veñan impostas pola normativa legal que resulte de aplicación.

7.5. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO

Principio xeral

Todos/as titores/as legais do alumnado teñen os mesmos dereitos e responsabilidades no desenvolvemento educativo dos seus fillos/as ou tutelados/as.

Principio de responsabilidade compartida

Os/as titores/as legais son os primeiros responsábeis da educación dos seus fillos/as ou tutelados/as e forman parte da Comunidade Educativa.

O feito da inscrición do seu fillo/a ou tutelado/a no centro leva implícito o recoñecemento, respecto, aceptación e cumprimento do Carácter Propio do Centro, do Ideario, do Proxecto Educativo e de cuestións propias dos aspectos organizativos e/ou pedagóxicos e as Normas de Organización e Funcionamento do Centro, aos que declaran someterse expresamente.

Dereitos principais

Os/as titores/as legais teñen dereito a:

- ✓ Ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados pola comunidade educativa.
- ✓ Que os seus fillos/as ou tutelados/as reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na *Constitución Española*, no *Estatuto de Autonomía da Comunidade Galega* e nas leis educativas.
- ✓ Que no centro se imparta o tipo de educación definido no seu Proxecto Educativo.
- ✓ Participar nos aspectos relacionados co desenvolvemento do Proceso Educativo dos seus fillos/as ou tutelados/as no centro.
- ✓ Recibir información achega do proceso socio-educativo dos seus fillos/as ou tutelados/as.
- ✓ Ser recibidos polos docentes, titores, orientadores e demais responsábeis da educación dos seus fillos/as ou tutelados/as nos horarios establecidos para iso e previa solicitude de cita. Só os/as titores/as legais do alumnado menor de idade terán dereito a asistir a ditas entrevistas.
- ✓ Recibir fotocopia dos exames ou controis feitos polos seus fillos/as ou tutelados/as cumprimentando a solicitude recollida no ANEXO 1 deste Plan de Convivencia. Esta solicitude implica un acordo de confidencialidade co centro que leva coma consecuencia



o compromiso dos/as titores/as legais (ou alumnado maior de 14 anos) a non facer público en redes sociais (*whatsapp* e similares...) dita fotocopia aplicando a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de *Protección de Datos Personales y Garantía de los derechos digitales* (Título II, artigo 5).

- ✓ Participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis.
- ✓ Ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e/ou profesional dos/as seus fillos/as ou tutelados/as.
- ✓ A asociación no ámbito educativo.
- ✓ Ser informados acerca do procedemento para presentar queixas, reclamacións e suxestións.
- ✓ Que lle sexan notificadas as faltas de asistencia e atrasos dos seus fillos/as ou tutelados/as.
- ✓ Que lle sexan notificadas as medidas educativas correctoras e disciplinarias nas que poidan verse involucrados os seus fillos/as ou tutelados/as.
- ✓ Presentar, por escrito, queixas, reclamacións e suxestións relativas ao funcionamento do centro ou ás decisións e medidas adoptados cos seus fillos/as ou tutelados/as.
- ✓ Todos os demais que lles recoñezan as leis aplicábeis.
- ✓ Referencia especial ao dereito de información acerca do proceso socio-educativo dos seus fillos/as ou tutelados/as, en supostos de crises familiares.

No caso de que os/as titores/as legais do alumnado escolarizado neste centro estean divorciados ou sexa declarado nulo o seu matrimonio, o deber de información a que se refire este artigo, enunciado como dereito principal no apartado e) do artigo anterior, sométese ás seguintes regras:

- ✓ Se a patria potestade, segundo resulte da sentenza firme que se teña ditado, corresponde a ambos proxenitores, a información sobre o proceso educativo (cualificacións e resultado de avaliacións) será facilitada a ambas partes.
- ✓ Se a patria potestade, segundo resulte da sentenza firme que se teña ditado, corresponde a un só dos proxenitores, a información sobre o proceso educativo (cualificacións e resultado de avaliacións) será facilitada a aquel a quen se lle atribuíu.

O resto de información (control de asistencia a clase, puntualidade, informes psicopedagóxicos e outros) comunicaranse ao proxenitor ou proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia do menor.



Calquera petición de información, en termos distintos dos que quedan especificados, só será atendida en cumprimento dunha orde ou mandamento xudicial ou de autoridade competente.

Deberes principais

Os/as titores/as legais do alumnado son os primeiros responsábeis da educación dos seus fillos/as ou pupilos/as e correspóndelles os seguintes deberes principais:

- ✓ Inculcar o valor da educación nos seus fillos/as ou tutelados/as e o do esforzo, estudo e responsabilidade para a obtención dos mellores rendementos académicos.
- ✓ Deber da confidencialidade das entrevistas mantidas co persoal do centro. Segundo a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de *Protección de Datos Personales y Garantía de los derechos digitales* os/as titores/as legais non teñen dereito á gravación de imaxes e voz e á divulgación das entrevistas cos docentes ou empregados do centro educativo.
- ✓ Asumir a súa responsabilidade no cumprimento da escolarización dos seus fillos/as ou tutelados/as, atendendo correctamente as súas necesidades educativas.
- ✓ Escolarizar, convenientemente, aos seus fillos/as ou tutelados/as, velando pola regularidade da súa asistencia e puntualidade.
- ✓ Adoptar as medidas necesarias ou solicitar a axuda correspondente, en caso de dificultade, para que os seus fillos/as ou tutelados/as cursen os ensinos en que estean matriculados e asistan regularmente ás clases.
- ✓ Proporcionar, na medida das súas posibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar dos seus fillos/as ou pupilos/as.
- ✓ Estimularlles para que leven a cabo as actividades de estudo que lles sexan encomendadas.
- ✓ Participar, de xeito activo, nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que o centro poida establecer coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos/as ou tutelados/as.
- ✓ Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos docentes do centro.
- ✓ Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, en especial as derivadas do vixente NOF, así como as orientacións e indicacións dos docentes.
- ✓ Cumprir as obrigacións que se derivan da relación contractual co centro.
- ✓ Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- ✓ Fomentar nos seus fillos/as ou tutelados/as o respecto cara ás normas de convivencia do centro.



- ✓ Xustificar, por escrito, as faltas de asistencia ou puntualidade dos seus fillos/as ou tutelados/as.
- ✓ Se desexan que os seus tutelados/as participen nas actividades escolares complementarias, as extraescolares e os servizos complementarios, deberán satisfacer as percepcións establecidas polo centro, cumprindo a normativa ao efecto establecida.
- ✓ As demais que lles poidan atribuír as leis e as decisións dos órganos competentes.
- ✓ Recoller os móbiles que sexan requisados (a retirada suporá a apertura dun parte) xa que só eles poderán recollelos (nunca o alumnado).
- ✓ Asinar, na secretaría, o rexistro de saída para recoller en horario lectivo ao alumnado que teña que saír do centro.

Deberes en relación coa saúde dos seus fillos, no seu permanencia no centro.

O centro, dentro da oferta de servizos complementarios que se menciona no presente NOF, conta cun seguro de saúde e accidentes, que cobre a asistencia sanitaria que se deba prestar ao alumnado durante o tempo de permanencia no recinto escolar, ou fóra del, na realización de actividades organizadas polo propio centro.

Como todo servizo complementario é de voluntaria participación por parte das familias. As que decidan non asumilo deberán facilitar unha copia da tarxeta SIP ou documento similar, que sexa facilitada aos servizos de asistencia sanitaria da *Consellería de Sanidade da Comunidade Galega*.

En calquera caso, a familia será advertida de forma inmediata de calquera circunstancia que afecte á saúde do escolar.

Por outra banda, o centro carece de persoal médico responsábel da administración ou dispensa de medicamentos.

Deber de velar pola regularidade de asistencia e puntualidade

O centro asumirá a responsabilidade de custodia do alumnado e o desenvolvemento das súas actividades cando a súa incorporación ao centro se produza dentro do horario establecido para iso.

As faltas de puntualidade na entrada aos períodos lectivos poderá determinar que se lle impida o acceso á aula en que se comezou xa a actividade ordinaria, quedando custodiado en lugar separado até o inicio da seguinte.

Por outra banda, as familias deberán coidar de facerse cargo dos seus fillos/as ou pupilos/as no horario de finalización das actividades establecidas. A demora reiterada no cumprimento desta obrigaición poderá provocar a comunicación á *Policía Local*, aos



Servizos Sociais Municipais e, en casos de reiterada impuntualidade, ou absentismo, á *Fiscalía do Menor*.

7.6. DEREITOS E OBRIGAS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Principio xeral

O persoal de administración e servizos forma parte da Comunidade Educativa.

A súa contratación, así coma a extinción da súa relación laboral, compete á Entidade Titular do Centro, que realizará conforme á lexislación laboral vixente.

Dereitos

O persoal de administración e servizos ten dereito a:

- ✓ Ser respectado por toda a comunidade educativa, recibindo un trato educado e sendo valorados nas súas funcións.
- ✓ Colaborar co centro para o cumprimento dos seus obxectivos e, en particular, para alcanzar e manter un bo clima de convivencia.
- ✓ Ser informado acerca dos obxectivos e organización xeral do centro e participar na súa execución naquilo que lles afecte a súa formación permanente.
- ✓ Os demais que lle atribúan as Leis, demais disposicións legais e convenios colectivos de aplicación.

Deberes

O persoal de administración e servizos está obrigado a:

- ✓ Exercer as súas funcións con arranxo ás condicións estipuladas no seu contrato de traballo e con observancia das directrices e instrucións impartidas polo empregado.
